Ao alumnado de matemáticas:

No currículo de Matemáticas II de segundo de bacharelato, aprobado pola Xunta de Galicia en consonancia coa nova lei de educación L.O.E., a matemática cumpre, esencialmente, un dobre rol:

i) Proporcionar un conxunto de ferramentas técnicas que teñen utilidade na resolución de problemas de diferentes ámbitos da vida e diversas disciplinas científicas.

ii) Contribuír, desde unha perspectiva integral, á formación intelectual da persoa, de xeito que progrese na súas capacidades xerais (como as de análise e síntese), no rigor e organización dos razoamentos, nas aptitudes creativas e críticas,...

Para resolver os problemas que ían xurdindo á humanidade fóronse "inventando" conceptos e técnicas matemáticas e, ao tempo, descubríase que detrás deles había unha harmonía, unha estética, unha perfección abstracta que seduciu moitas das mentes máis brillantes da historia que, asemade, dedicáronse a resolver problemas abstractos.

O máis fantástico das Matemáticas é que moitos dos desenvolvementos acadados neses intentos de resolver problemas abstractos resultaron posteriormente de grande utilidade na resolución de problemas do mundo físico.

Esta guía confecciónase acorde unhas directrices pensadas para facilitar o estudo a distancia co obxectivo de ofrecervos un plan de traballo estruturado que vos permita, desde os vosos lugares de residencia, preparar eficazmente os diferentes contidos que se abarcan e, por que non, gozar coas matemáticas.

Aquí encontraredes:

i) Introducións, explicacións e actividades resoltas.

ii) Exercicios propostos para que practiquedes e intentedes resolvelos pola vosa conta.

iii) Problemas de autoavaliación.

iv) Actividades para enviar aos titores

Aspirar a obter bos resultados esixe, ineludiblemente, o voso compromiso:

i) Constancia na dedicación, seguindo a secuencia temporal que se vos propón ao obxecto de parcelar equilibradamente a materia.

ii) Visitas á páxina web, onde poderedes encontrar precisións sobre os propios contidos da guía, novas indicacións, máis exemplos,...

iii) Contactos telemáticos e telefónicos cos titores, cada vez que teñades dúbidas ou desexedes obter calquera información.